

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTAXE DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS, COMISIÓN SELECCIONADORA E DATA DO CONCURSO-OPOSICION PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE CATRO PEÓNS/PEOAS A XORNADA COMPLETA, PARA A REALIZACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE MONTES DO CONCELLO DE SOBRADO (PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026).

EXPEDIENTE ORIXE Nº: 2026/E001/000002.

EXPEDIENTE DECRETO Nº: 2026/G003/000256.

O 21/04/2026 tivo entrada no rexistro do Concello de Sobrado a resolución da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, pola que autoriza a contratación, por un período de 9 meses, de catro peóns/peoas, para a realización do servizo denominado Servizo de limpeza de Montes do Concello de Sobrado (Programa Galicia Suma Talento: Rural Activo).

Mediante Decreto de Alcaldía nº 205/2026, do 29/04/2026, aprobáronse a convocatoria e as bases do concurso-oposición para a contratación de catro peóns/peoas a xornada completa, para a realización do Servizo de Limpeza de Montes do Concello de Sobrado para o ano 2026 (Programa Galicia Suma Talento: Rural Activo).

Despois da publicación do oportuno anuncio da convocatoria, a presentación da oferta de emprego na oficina de emprego de Melide (SPEG), e transcorrido o prazo de presentación de instancias dos candidatos/as, tal como establecen as bases da convocatoria número 3ª *“no caso de non ter defectos que subsanar a lista provisional, será considerada a tódolos efectos definitiva”*.

Por todo o anterior, de conformidade co disposto no art. 215 a 217 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei de facendas locais, e no uso das atribucións que me outorga o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte lista definitiva de admitidos/as e excluídos do proceso selectivo:

Admitidos/as:

APELIDOS E NOME	NIF	CELGA
Abad Abad José Manuel	***8317**	Non validado
Diez López José	***2521**	Non validado
González Seoane Jesús	***1467**	Non validado
Márquez Mariño José Manuel	***1387**	Non validado
Souto Lea Juan Antonio	***8600**	Non validado

Excluídos/as: Ningún/ha.

SEGUNDO.- Designar aos seguintes membros da Comisión Seleccionadora:

Presidente: D. Jesús Ramón Varela García, empregado público do Concello de

Sobrado.

Suplente: D. Luís García Vázquez, empregado público do Concello de Curtis.

1º Vogal: Dª. María Ermitas Sánchez González, empregada pública do Concello de Sobrado.

Suplente: Dª. Guadalupe Vázquez Ascariz, empregada pública do Concello de Toques.

2º Vogal: D. Manuel Santos Rodríguez, empregado do Concello de Sobrado.

Suplente: D. Luís González Guerra, empregado público do Concello de Boimorto.

3º Vogal: D. David Ares Castro, empregado público do Concello de Sobrado.

Suplente: D. Secundino Quiñoy Amboage, empregado público do Concello de Santiso.

Secretario: D. Óscar Ibán Ramos Seoane, empregado público do Concello de Sobrado.

Suplente: Dª. Ana María Fandiño Espido, empregada pública do Concello de Sobrado.

TERCEIRO.- Convocar aos membros da Comisión Seleccionadora para a súa constitución, o **día 25 de maio de 2026, ás 08:30 horas**, nas oficinas municipais do Concello de Sobrado, ao obxecto de realizar a valoración de méritos da fase de concurso e seguidamente proceder a realizar a fase de oposición no Pavillón Municipal Deportes do Concello, as 09:00 horas, ós/ás aspirantes.

CUARTO.- Convocar aos aspirantes para que concorran ao Pavillón Municipal de Deportes do Concello, o **día 25 de maio de 2026, ás 09: 00 horas**, có obxecto de realizar a proba práctica (fase de oposición) e, no seu caso, a proba oral de coñecemento de galego.

QUINTO.- Publicar este decreto no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Sobrado, aos efectos oportunos.

Mándao e asíno, o Sr. alcalde, en Sobrado, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretaria-interventora , aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

O Alcalde-presidente
Luís Lisardo Santos Ares

A Secretaria-interventora
Alejandra D. Fandiño Sánchez